

Informe para o Consello da Xunta de Galicia

Bruxelas, 13 de xaneiro de 2023

Defensa dos intereses de Galicia perante a UE

-Novembro e decembro de 2022-

Velaquí un resumo dos últimos dous meses das actividades da nosa oficina de representación en Bruxelas, a Fundación Galicia Europa (FGE), que traballa en coordinación con diferentes departamentos da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE. Trátase de actividades dirixidas a garantir a contribución da Xunta de Galicia aos debates europeos, mediante a achega da nosa experiencia e do noso coñecemento sobre o terreo. A participación autonómica nestes debates é fundamental, xa que, dadas as competencias que a Xunta de Galicia, é a responsables de aplicar gran parte da lexislación europea.

En novembro e decembro de 2022 traballamos en temas moi diversos en colaboración con varios departamentos da Xunta dos que destacamos:

1. A colaboración co IGAPE para a participación galega na **Alianza Europea de Rexions da Automoción**, que celebrou a súa primeira política en Leipzig, e na reunión organizada en Bruxelas pola Comisión Europea que permitiu contribuír ao chamado **“itinerario de transición do ecosistema da mobilidade”**, que se espera publique a principios deste ano. A FGE elaborou tamén unha axenda de reunións en Bruxelas para o director do IGAPE.
2. A axenda de reunións elaborada para a conselleira de Medioambiente durante a **COP 27** celebrada en Exipto en novembro
3. A asistencia para a **participación do conselleiro de Sanidade na reunión do Consello de Ministros da UE nesta área**, en representación de todas as CCAA.
4. A reunión con outras rexións europeas afectadas polo **veto á pesca de fondo**, celebrada na sede da FGE en Bruxelas
5. A chamada de atención sobre o impacto deste veto no Comité Europeo das Rexións, no que estamos tamén a tratar a liderar un ditame sobre a avaliación da **Política Pesqueira Común**
6. A participación en varios foros sobre o **futuro da política rexional**, que a Presidencia española do Consello vai impulsar no segundo semestre do ano
7. O diálogo coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER) en relación coa revisión da **Rede Transeuropea de Transporte** e o seu impacto en Galicia
8. O acompañamento á Consellería de Medio Rural na defensa a nivel europeo da **xestión autonómica das poboacións de lobo**, a raíz do cal se conseguiu o compromiso da Comisión Europea de estudar esta cuestión.

9. O seguimento das medidas que está a adoptar a UE en relación coa **crise enerxética**
10. A definición de **prioridades de Galicia ante UE para o ano 2023**, recollidas no plan de actuacións da FGE aprobado polo seu padroado
11. O fomento da participación galega en proxectos europeos a través da **17ª edición do programa de especialización en financiamento comunitario “TecEuropa”**
12. A organización do noveno encontro virtual do ano entre a Xunta de Galicia e a Comisión Europea sobre a execución do **Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia**
13. A organización dunha reunión entre a Comisión Europea e as universidades galegas para promover a súa participación na rede de **Universidades Europeas** que se está a constituír
14. Os contactos mantidos para a elaboración dun plan para reforzar a influencia que supón a **presenza de galegos nas institucións comunitarias**

Como anexo, recóllese un listado con outras 15 reunións ás que asistiu o persoal e os bolsiros da FGE en Bruxelas cunha breve explicación do interese de cada unha delas para a defensa dos intereses galegos perante a UE. Trátase, entre outras, de reunións organizadas a través da Colaboración entre Oficinas Rexionais en Bruxelas, que permiten unha mellor interlocución coas institucións europeas e coa REPER para obter información de primeira man do traballo de España no Consello; da visita dun dos concellos máis despoboados de Galicia, San Xoán de Río, e das reunións técnicas e políticas do Comité Europeo das Rexións.

Máis información sobre a participación de Galicia nos asuntos europeos en fundaciongaliciaeuropa.eu e nos [boletíns mensuais de información](#) da FGE (último boletín: [decebro de 2022](#)).

Informe para o Consello da Xunta de Galicia

Participación de Galicia nos asuntos europeos - Setembro e outubro de 2022 -			
TEMA	Consellería	DESCRIPCIÓN DENDE UNHA PERSPECTIVA GALEGA	ACTIVIDADES FGE
1. Sector do automóbil	Vicepresidencia a 1ª, IGAPE	<p>O Comité Europeo das Rexións (CdR) lanzou a Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA, polas súas siglas en inglés), da que Galicia é unha das rexións fundadoras grazas ó traballo da FGE. Polo de agora, a Alianza está formada por máis de 20 rexións de sete Estados membros: Alemaña, Austria, Eslovaquia, España, Francia, Italia e Países Baixos. Nesta rede política de rexións, Galicia está a desempeñar un papel de relevancia en prol dunha transición xusta para as rexións automobilísticas. A súa primeira reunión política tivo lugar en Leipzig (Alemaña).</p> <p>Paralelamente, a FGE tamén trata todas aquelas cuestións de relevancia para o sector da automoción no Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil do Comité Europeo das Rexións (CoRAI), do que Galicia forma parte dende a súa creación en 2009. Trátase dunha rede formada por rexións con intereses específicos no sector automobilístico que promove a cooperación coa industria e outras partes interesadas e actúa de enlace coas institucións europeas.</p> <p>Así mesmo, coa actualización da Estratexia Industrial, a Comisión Europea propón novas medidas para apoiar as transicións ecolóxica e dixital, entre as que se atopa a creación de itinerarios de transición para os ecosistemas (ámbitos estratéxicos) que o necesiten. Estes ofrecerán unha mellor comprensión da escala, os custos e os beneficios das accións necesarias para acometer as transicións e elaborar plans de actuación. Agárdase que o informe final do itinerario de transición do ecosistema da mobilidade saia á luz durante o primeiro trimestre de 2023. A FGE impulsou a</p>	<p>03/11 – Participación na reunión do Grupo de traballo da Alianza de Rexións con Industrias da Automoción.</p> <p>09/11 – Participación na reunión do Grupo de traballo da Alianza de Rexións con Industrias da Automoción.</p> <p>16-17/11 – Participación na primeira reunión política da Alianza de Rexións con Industrias da Automoción, levada a cabo en Leipzig. Galicia estivo representada polo director xeral do IGAPE, quen recibiu apoio dun técnico da FGE.</p> <p>Ata mediados de novembro, e contando coa validación do IGAPE, a FGE traballou na redacción e emenda do</p>

		<p>participación do IGAPE subliñando, entre outros, a importancia da dimensión rexional na creación deste ecosistema.</p>	<p>programa de traballo de ARA, aprobado en Leipzig.</p> <p>28/11 – Reunión coas partes interesadas do itinerario de transición do ecosistema da mobilidade. Participación xunto co director xeral do IGAPE.</p> <p>28-29/11 – Axenda en Bruxelas con representantes da Comisión Europea, elaborada pola FGE para o director xeral do IGAPE. Nas reunións intercambiáronse impresións sobre os retos e perspectivas do sector da automoción de Galicia. Elaboración e envío posterior dun informe técnico e conclusións.</p> <p>15/12 – Elaboración e envío posterior dun informe técnico sobre lexislación europea con repercusión no sector da automoción de Galicia.</p>
--	--	---	--

<p>2. Conferencia da ONU sobre o cambio climático (COP 27)</p>	<p>Medio Ambiente</p>	<p>A 27ª Conferencia das Partes sobre o Cambio Climático (COP 27) levouse a cabo entre o 6 ó 18 de novembro en Sharm el Sheij (Exipto), onde as partes interesadas (países, rexións, sociedade civil...) se reuniron para tomar medidas que impulsen os obxectivos climáticos colectivos establecidos no marco do Acordo de París e da Convención.</p> <p>A COP 27 contou coa presenza da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, á quen a FGE elaborou a súa axenda. Nas reunións concertadas, transmitiuse a experiencia galega co Pacto das Alcaldías e coa futura Lei do Clima galega. Tamén se trataron outros temas de relevancia como o aproveitamento das enerxías renovables ou os sumidoiros de carbono.</p>	<p>11-12/11 – Axenda en Sharm el Sheij, elaborada pola FGE para a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Mantivéronse reunións co embaixador da UE en Exipto, altos representantes da Comisión Europea e co conselleiro de Medio Ambiente da rexión de Västra Götaland (Suecia).</p>
<p>3. Plan Europeo de loita contra o Cancro</p>	<p>Sanidade</p>	<p>A FGE apoiou á Consellería de Sanidade na súa participación no Consello da UE durante o segundo semestre de 2022, en representación das CCAA. O conselleiro interveu cunha posición común consensuada co resto de CCAA no punto dedicado á revisión da recomendación europea sobre programas de cribado de cancro. O Plan europeo de loita contra o cancro, aprobado en 2021, marca como obxectivo que os cribados de mama, colon e cérvix cheguen ao 90% da poboación obxectivo en 2025. En Galicia iso xa ocorre con mama e colon, e sucederá co de cérvix no vindeiro ano. A nova recomendación europea sobre o cribado do cancro contén novas suxestións noutros tipos de cancro como os de pulmón, próstata ou gástrico.</p>	<p>09/12 Apoio á asistencia do conselleiro de Saúde ao Consello de Saúde da UE.</p> <p>12/12 Asistencia á reunión CORE cos conselleiros de Saúde da REPER na ofi</p> <p>12/12 Asistencia á reunión de traspaso da coordinación autonómica a Canarias</p>

<p>4. Prohibición da pesca de fondo en zonas do Noroeste Atlántico</p>	<p>Mar</p>	<p>En setembro publicouse o Regulamento de execución 2022/1614, que ten como obxectivo pechar o acceso a artes pesqueiras de fondo en zonas consideradas vulnerables co fin de protexer o ecosistema marítimo. O Regulamento, que entrou en vigor o 9 de outubro, prohibe a pesca de fondo en 87 zonas consideradas como vulnerables. Isto pode chegar a afectar a máis de de 200 barcos de capital galego e a preto de 4 400 tripulantes (arredor do 40% do total na comunidade).</p> <p>Naquel momento, a Consellería do Mar urxiu ó goberno central na presentación dun recurso de anulación ante o Tribunal de Xustiza da UE para solicitar a suspensión temporal do Regulamento, o que finalmente se levou a cabo a mediados de novembro, pouco antes de que rematase o prazo. A organización de produtores de Burela presentou o seu propio recurso como parte interesada, no que a Xunta de Galicia participará como parte coadxuvante, podendo así intervir durante o proceso para responder ós argumentos da parte demandada (Comisión Europea) e para reforzar ós da parte demandante.</p> <p>Esta prohibición tamén afecta a Francia, Irlanda e Portugal, polo que se considerou necesario aliarse con outras rexións afectadas. Así, a Consellería do Mar lidera, no marco da Conferencia de Rexións Marítimas e Periféricas (CRPM), un grupo de traballo para estudar posibles vías de actuación, o cal se reuniu por primeira vez o pasado novembro.</p> <p>Este grupo de traballo salienta a necesidade de fomentar solucións futuras que fomenten a protección dos ecosistemas mariños ó tempo que se respecta a vertente socioeconómica da actividade pesqueira. A Consellería</p>	<p>04/11 – Apoio na organización dunha reunión con outras rexións europeas na sede da FGE en Bruxelas. Elaboración e seguimento de conclusións.</p> <p>17/11 Reunión coa REPER de preparación do Consello de Agricultura e Pesca</p> <p>09/12 Reunión coa REPER de preparación do Consello de Agricultura e Pesca</p> <p>15/12- Intercambio de información sobre a organización dun seminario no marco dos Días Europeos Marítimos.</p>
---	------------	---	--

		<p>do Mar organizará un evento no marco do Días Europeos Marítimos (Brest, maio de 2023) para impulsar esta idea.</p> <p>A FGE está a poñer a disposición da Consellería do Mar a súa experiencia e coñecementos do medio europeo para afrontar esta crise na relación entre a UE e Galicia.</p>	
<p>5. Posible revisión da Política Pesqueira Común (PPC)</p>	Mar	<p>A principios deste ano, está previsto que a Comisión Europea publique unha avaliación da PPC en vigor.</p> <p>A Xunta ten unha posición ben definida e consensuada co sector de cara a unha eventual reforma da PPC en 2023, centrada en cinco grandes obxectivos, como conseguir unha maior atención á dimensión social da pesca e asegurar unas condicións equitativas para todos os axentes do comercio pesqueiro.</p> <p>Co apoio da FGE, a Xunta solicitou a inclusión deste tema no programa de traballo da comisión NAT para 2023, con vistas a liderar un ditame neste tema.</p>	<p>23/11 – Comisión NAT do Comité Europeo das Rexións</p> <p>13/12 Apoio ao seguimento do Consello de Pesca no que se determinaron as posibilidades de pesca para 2023</p>
<p>6. Política de cohesión: execución 14-20, programación 21-27 e debate sobre o futuro</p>	Facenda	<p>A execución dos fondos 14-20 tense flexibilizado para atender as consecuencias da pandemia, nun primeiro momento, e para a acollida de refuxiados ucráinos, despois. Unha nova reforma do regulamento permitirá tamén utilizar estes recursos para facer fronte ao aumento dos prezos da enerxía, o que podería interesar á Xunta de Galicia para apoiar ás empresas e aos fogares vulnerables.</p> <p>Malia o inicial retraso motivado pola posta en marcha do Mecanismo de Recuperación e Resilencia (MRR) en España, a programación 21-27</p>	<p>05/12 – Organización dunha reunión das oficinas de CCAA en Bruxelas co conselleiro de Facenda da Representación Permanente de España ante UE (REPER), Alejandro Blanco, na sede da FGE.</p>

		<p>acelerouse moito en 2022, aprobándose nos dous últimos meses o Contrato de Asociación España-Comisión Europea e os diferentes programas operativos.</p> <p>En canto ao futuro da política rexional, a Comisión Europea vai constituír un grupo de alto nivel este ano para reflexionar sobre isto e o <i>lobby</i> rexional en Bruxelas (CPRM, CdR...) está xa mobilizándose para defender a necesidade de que a política rexional siga sendo unha peza clave no orzamento posterior a 2027. España vai impulsar este debate no Consello durante súa Presidencia, no segundo semestre de 2023. A FGE traballa na definición dunha posición de Galicia coa que contribuír activamente a este debate.</p> <p>A FGE lidera o grupo técnico de Cohesión do sistema de Colaboración entre oficinas rexionais españolas en Bruxelas (CORE), organizando reunións e facilitando información.</p>	<p>06/12 - Reunión na sede da FGE cun funcionario europeo da Comisión de Desenvolvemento Territorial do CdR sobre a estratexia do CdR no debate referido ao futuro da política rexional</p> <p>13/12 Asistencia á reunión do grupo de Cohesión da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, que traza unha folla de ruta para participar neste debate</p>
<p>7. Revisión da rede Transeuropea de Transporte (RTE-T)</p>	<p>Infraestruturas e Mobilidade</p>	<p>A proposta de revisión desta rede recolle como novidade para Galicia a inclusión no Corredor Atlántico do tren de alta velocidade entre Oporto e Galicia. A Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) está a defender as necesidades de conectividade das rexións periféricas como a nosa.</p> <p>Os ministros de Transporte chegaron a unha orientación xeral sobre a revisión na súa reunión do 5 de decembro. A FGE aclarou algunhas dúbidas coa REPER sobre o que implicaba esta orientación respecto a Galicia. A FGE traballou tamén en varias propostas de emenda no Parlamento Europeo, que ten que adoptar a súa posición no primeiro semestre de 2023, de cara</p>	<p>09/11 – Reunión coa DX Mobilidade e o despacho do eurodeputado galego Francisco Millán Mon.</p> <p>07/12- Reunión CORE co conselleiro de Transporte da REPER para dar conta dos resultados do Consello do 5 de decembro, no que os 27 chegaron a un acordo sobre a revisión.</p>

		a poder negociar en trílogos co Consello no segundo semestre, coincidindo coa Presidencia española	
8. Xestión das poboacións de lobos	Medio Ambiente, Medio Rural	<p>O Goberno de España considera que a evolución da poboación do lobo é desfavorable no período 2013-2018, polo que en 2021 incluíu a todas as poboacións de lobos na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESPRE), o que na práctica implica a imposibilidade de calquera medida de control fronte á especie debido ao seu novo nivel de xestión. Galicia, Asturias, Cantabria e Castela e León recorreron esta orde xudicialmente, ao entender que o modelo de xestión previo que estas estaban levando a cabo mantiña o equilibrio entre os lobos e a gandería extensiva. Os informes técnicos autonómicos sinalan que a poboación de lobos incrementouse ao norte do Douro. A pesar do alegado, en xullo de 2022, aprobouse a "Estratexia para a conservación e xestión do lobo e a súa convivencia coas actividades do medio rural" co voto en contra de Galicia e outras CCAA.</p> <p>A FGE estivo atenta á resolución adoptada en novembro polo PE "Protección da gandería e dos grandes carnívoros", que deu pé a que a Comisión Europea anunciase o seu compromiso para analizar os datos sobre a situación do lobo na UE e as medidas de xestión que se están a aplicar nos Estados membros.</p>	<p>18/11 – Apoio á participación da conselleira de Medio Ambiente no debate “A xestión activa do lobo como modo de convivencia coa gandería extensiva”, organizado no Parlamento Europeo</p> <p>24/11 – Seguimento da resolución adoptada polo PE "Protección da gandería e dos grandes carnívoros"</p>
9. REPowerEU	Vicepresidencia 1ª/ INEGA/ Medio Ambiente	En maio de 2022, a Comisión Europea lanzou REPowerEU, un plan de acción mediante o que se eliminará gradualmente a dependencia das importacións de gas, petróleo e carbón rusos, ó tempo que se garante a	02/11 – Reunión CORE cos conselleiros de Enerxía da REPER.

		<p>seguridade de subministro e uns prezos da enerxía asumibles durante o inverno.</p> <p>No último Consello de Enerxía de 2022, os ministros competentes adoptaron o regulamento que introduce un mecanismo temporal de corrección para as transaccións de gas natural nos principais mercados, que serve como instrumento contra os episodios de prezos excesivos do gas.</p> <p>Neste Consello tamén foi formalmente adoptado o regulamento para acelerar o despregamento de enerxías renovables, que será aplicado por un ano dende a súa entrada en vigor. Este acto legislativo resulta de gran importancia para as Comunidades Autónomas, que contan con complexos procedementos de autorización. No caso galego, favorecerá a concesión de permisos para o establecemento de parques eólicos.</p>	<p>29/11 – Elaboración e envío posterior dun informe técnico sobre lexislación europea de relevancia para Galicia, a cal foi proposta no marco de REPowerEU.</p> <p>19/12- Seguimento do Consello de Enerxía da UE.</p>
<p>10. Prioridades de Galicia na UE en 2023</p>	Todas	<p>O plan de actuacións da FGE para 2023 aprobado no seu padroado fixa as prioridades de Galicia na UE para este ano:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Defender unha transición xusta e ordenada no marco do Pacto Verde europeo 2. Defender os intereses galegos na avaliación do funcionamento da Política Pesqueira Común 3. Definir unha posición galega de cara ao marco financeiro comunitario posterior a 2027. 4. Facer seguimento da execución do Mecanismo de Recuperación para Europa 5. Defender os intereses galegos na Revisión da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T). 	<p>01/12 - Reunión do grupo de traballo da FGE composto por representantes técnicos da DXREUE, a Axencia Galega de Innovación, o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFV), as deputacións de Lugo e A Coruña e ABANCA.</p> <p>12/12 - Reunión do padroado da FGE, composto polos titulares das dúas vicepresidencias da</p>

		<p>6. Difundir as capacidades galegas de investigación e innovación:</p> <p>7. Contribuír coa nosa experiencia ao Ano Europeo das Capacidades e á Presidencia española da UE no segundo semestre do ano</p>	<p>Xunta de Galicia, as consellerías de Facenda, Medio Rural e Mar, as deputacións de Lugo e Coruña, CZFV e ABANCA.</p> <p>14/12 – Reunión co centro de estudos do Parlamento Europeo (EPRS)</p>
<p>11. Fomento da participación galega en proxectos europeos</p>	Todas	<p>A FGE organizou a 17ª edición do seu Curso de especialización en financiamento comunitario “TecEuropa”, na que participaron 120 técnicos de entidades públicas e privadas galegas para recibir formación teórica e práctica sobre as políticas europeas e os programas de financiamento comunitario. 19 procedían de entidades do sector público autonómico como SOGAMA, IGAPE ou as consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente.</p>	<p>16/11 – Visita virtual á Comisión Europea: introdución á UE e crise enerxética.</p> <p>18/11 – Visita virtual á Comisión Europea: política rexional e Pacto Verde.</p> <p>23/11 – Marco Financeiro Plurianual da UE e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España.</p> <p>25/11 – Aspectos prácticos dos principais programas de financiamento.</p>
<p>12. Execución do Plan Nacional de Recuperación,</p>	Facenda e outras consellerías	<p>A FGE dedicou o noveno encontro virtual de 2022 ao estado de execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular, en España e</p>	<p>14/12 Encontro virtual FGE Next GenerationEU “A</p>

<p>Transformación e Resiliencia</p>		<p>Galicia. Xunto a unha funcionaria da Comisión Europea e Ángel Tarrío, director xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Xunta de Galicia, unha vintena de funcionarios da Xunta deron conta do nivel de execución do MRR en toda a UE e da súa aplicación en España.</p> <p>Galicia está a xestionar 1.008 millóns de euros por delegación do Estado, principalmente, en economía dos cidadáns e inclusión, vivenda, turismo, mobilidade e competencias dixitais. Dos cartos xestionados polo Estado mediante convocatorias e reais decretos, 657 millóns foron para Galicia (un 6% do total) e dos preto de 10.000 M€ distribuídos mediante convocatorias dos PERTE, Galicia recibiu 200 millóns (un 4,6%). O Goberno de España prepara unha addenda ao plan de recuperación para investir 94.300 millóns de euros adicionais, cuxo borrador deu a coñecer a finais de decembro.</p>	<p>execución do MRR: unha perspectiva rexional"</p>
<p>13. Internacionalización das universidades galegas</p>	<p>Vicepresidencia 2ª</p>	<p>A FGE organizou unha reunión entre a Comisión Europea e os responsables do proxecto "Universidades sem Fronteiras (UNISF), no que participan as seis universidades públicas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (Santiago, A Coruña, Vigo, Porto, Minho e Tras Montesvos). UNISF conseguiu poñer en marcha, desde este curso escolar, dous doutoramentos e dous másteres compartidos entre Galicia e Portugal. A partir de esta experiencia, a FGE púxoos en contacto cos responsables das chamadas "Universidades Europeas" na Comisión Europea. Trátase de redes de universidades que se están creando na UE para mellorar a súa competitividade internacional e permitir aos estudantes graduarse combinando períodos de estudo en varios países da UE. Nos últimos anos creáronse xa 44 alianzas, integradas por aproximadamente 340 universidades (ningunha galega). O obxectivo recollido na Estratexia</p>	<p>15/12 Organización dunha reunión entre a Comisión Europea e as tres universidades galegas</p>

		<p>Europea para as Universidades é establecer 60 Universidades Europeas integradas por máis de 500 centros de educación superior para mediados de 2024.</p>	
<p>14. Reforzo da presenza galega nas institucións comunitarias</p>	<p>Vicepresidencia 2ª</p>	<p>A FGE vai presentar en 2023 un plan para reforzar a influencia que supón a presenza de galegos nas institucións comunitarias. Este plan estará centrado en tres eixos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A promoción das posibilidades que teñen os empregados públicos de traballar durante un período de tempo limitado nas institucións europeas. 2. A promoción das oportunidades de traballo e prácticas na UE entre a mocidade galega. 3. A organización de actividades específicas e continuadas no tempo para os galegos que xa traballan nas institucións comunitarias . 	<p>14/11 – Asistencia á reunión CORE coa conselleira de Función Pública da REPER, con quen falamos sobre as últimas novidades do sistema de selección de persoal das institucións europeas, o programa “Embaixadores EPSO e o programa “Expertos nacionais destacados” para os empregados públicos.</p> <p>23/11 – Organización dunha reunión co embaixador EPSO da Universidade da Coruña, un estudante seleccionado pola Comisión Europea para informar das posibilidades de traballo e prácticas nas institucións durante un ano.</p>

ANEXO

OUTRAS REUNIÓN EN BRUXELAS			
Data	Organizadores	Reunións	Comentarios
08/11	Rede europea de rexións que empregan tecnoloxías espaciais (NEREUS)	Presentación de NEREUS	A FGE, baixo o auspicio de GAIN, mantivo unha reunión con NEREUS, co ánimo de poder valorar unha posible adhesión á rede, dada a importancia que adquiriu o polo aeroespacial galego nos últimos anos. NEREUS representa os intereses das rexións que empregan tecnoloxías espaciais e intenta destacar a dimensión rexional dos programas espaciais europeos.
09/11	CORE	Reunión cos conselleiros de Medio Ambiente da REPER	Explicáronse as dúas conclusións do Consello de Medio Ambiente de 24 de outubro que serviron de posición negociadora da UE tanto para a Conferencia de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP 27) como a Conferencia sobre Diversidade Biolóxica (COP 15). Tamén se informou sobre o estado das negociacións da Directiva sobre delitos contra o Medio Ambiente ou o acordo internacional para poñer fin á contaminación por plásticos, que será negociado pola Comisión europea no nome da UE.
9-10/11	FEUGA	Reunión na FGE do proyecto europeo MORPHO , no que participa FEUGA xunto a outras 9 entidades europeas	FEUGA organizou na sede da Fundación Galicia Europa en Bruxelas a terceira reunión do consorcio de entidades que participan no proxecto europeo MORPHO, así como a primeira revisión co responsable da Comisión Europea. MORPHO é un

			proyecto de investigación industrial , financiado polo programa Horizonte 2020 con 5 millóns de euros, cuxo obxectivo é optimizar a fabricación de pezas aeronáuticas intelixentes. FEUGA aluga un espazo na oficina da FGE en Bruxelas.
09/11	CORE	Reunión con conselleiro de Política Territorial da REPER	Este conselleiro está encargado de remarcar a perspectiva territorial na actuación da REPER dentro do Consello, polo que vela pola participación das CCAA na próxima Presidencia española da UE, entre outros asuntos, como o seguimento dos resultados da Conferencia para o Futuro de Europa.
15/11	Parlamento Europeo	Seminario “Como acadar os obxectivos europeos en materia de biodiversidade mediante un maior diálogo entre a ciencia e a política”	Debate organizado polo Intergrupo do Parlamento Europeo "Cambio Climático, Biodiversidade e Desenvolvemento Sostible” sobre a Estratexia de Biodiversidade da UE para 2030 e os ambiciosos obxectivos que recolle a proposta de Lei europea de Restauración da Natureza .
18/11	CdR	Reunión técnica da Alianza para a Reconstrución de Ucraína , da que Galicia forma parte	Información sobre os partenariados que se están formando entre cidades ucraínas e cidades europeas, sobre o traballo da Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa de cooperación con Ucraína, e sobre os traballos da Plataforma internacional de Reconstrución de Ucraína, constituída en xullo.
22/11	CdR	Conferencia de alto nivel “ Transición xusta en rexións carboníferas e electrointensivas. Como non deixar a ninguén atrás ”	O evento resultou unha oportunidade para discutir coa presidencia checa do Consello da UE os resultados do Consello de Asuntos Xerais que tivera lugar ese mesmo día, no cal se aprobaron unhas Conclusións que avalían o papel da política de cohesión á hora de fomentar o desenvolvemento rexional na UE. Estas Conclusións destacan a función do Fondo de Transición Xusta como instrumento necesario nos procesos de transición ecolóxicos nas distintas rexións e, para que

			este sexa operativo, instan á rápida conclusión e aprobacións do plans territoriais de transición xusta. No caso español, o plan territorial foi aprobado a finais de decembro.
24/11	Fundación CEUS	Visita dun grupo de veciños do municipio ourensán de San Xoán de Río	Encabezados polo seu alcalde, e da man da fundación galega europeísta CEUS, este grupo visitou a capital comunitaria para expoñer os desafíos que supón a perda de poboación e o envellecemento deste municipio, e reclamar que a Unión Europea poña en marcha unha capitalidade rural europea, seguindo o exemplo da iniciativa “Capital Europea da Cultura”.
29/11	Oficina de Gales en Bruxelas	Reunión co representante de Gales para Europa	A FGE recibiu ao representante político de Gales para Europa e á directora da súa oficina en Bruxelas para avaliar a execución do memorando de entendemento asinado entre Galicia e Gales en 2018 que expira o ano que vén. Ao quedar Reino Unido fóra do programa Erasmus, o programa de mobilidade estudiantil posto en marcha por Gales, Taith, é unha boa oportunidade para o intercambio de estudantes universitarios e de FGE entre Gales e Galicia.
30/11	CdR	Pleno do CdR	A FGE asistiu ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, para participar no último pleno do ano, no que se aprobaron 10 ditames de opinión e dúas resolucións políticas, ademais de celebrarse debates de alto nivel sobre a crise enerxética, a crise alimentaria a escala global e o Ano Europeo da Xuventude. Galicia presentou seis emendas a dous ditames.
02/12	Comisión Europea	Evento feedback da Conferencia sobre o futuro de Europa	Como un dos resultados máis visibles da COFE, anunciouse que en 2023 celebraranse tres paneis cidadáns cuxas achegas se incorporarán directamente no proceso legislativo en tres ámbitos: combustible e residuos, mobilidade e aprendizaxe e intelixencia artificial e metaverso.

14/12	Centro de estudos do Parlamento Europeo (EPRS)	Intercambio de opinións sobre o programa de traballo da Comisión Europea de 2023	A FGE asistiu xunto co resto de oficinas de representación rexional e local en Bruxelas a esta reunión para analizar o programa de traballo anual da Comisión Europea dende unha perspectiva rexional. O EPRS elabora notas e estudos para os membros do Parlamento Europeo e pide a contribución das oficinas rexionais para aportar a perspectiva rexional aos seus informes. Trala reunión, dende a FGE mandámoslle por escrito as prioridades de Galicia na UE en 2023.
15/12	CORE	Reunión coas conselleiras de Traballo da REPER	Informouse dos resultados do Consello de Emprego e Asuntos Sociais celebrado o 8 de decembro no que se adoptaron dúas recomendacións en relación coa nova Estratexia europea de coidados, de gran interese para as comunidades autónomas.
16/12	CORE	Reunión cos conselleiros de Competitividade da REPER	Intercambio de información sobre os principais resultados do Consello de Competitividade do 1 de decembro .Neste destacaron tanto a adopción dunhas Conclusións nas que se establece a Axenda Europea para o Turismo 2030, un fito neste eido, como a adopción por unanimidade dunha orientación xeral sobre a proposta do «Regulamento de Chips», que reforzará o ecosistema europeo de semicondutores –de relevancia para Galicia pola súa repercusión no sector da automoción.
19/12	CORE	Reunión co conselleiro “Antici”da REPER	A directora da FGE en Bruxelas asistiu a esta reunión co conselleiro encargado da preparación do Consello Europeo, que tivo lugar o 15 de decembro. Os líderes europeos tomaron varias decisións en relación coa guerra en Ucraína, examinaron os avances nas medidas da UE para facer fronte á crise enerxética, invitaron á Comisión Europea a presentar no prazo dun mes unha revisión da estratexia industrial europea para facela máis ambiciosa e acordaron reforzar a seguridade e defensa da UE, entre outros asuntos. O Consello Europeo reúnese un mínimo de cinco veces ao ano en Bruxelas para decidir sobre a orientación política xeral e as prioridades da UE.